



A conserva, unha visión persoal, un recordo

Encomecei a traballar no ano 1979, era unha nena de dezaseis anos a segunda de catro irmás, filla de mariñeiro. Na miña casa non tiñamos leiras, polo tanto co salario do meu pai mercabas todo. Non lembro a fame, pero pasei fame de moitas cousas.

Por Loli

Estiven cosendo dende os catorce ós dezaseis anos, ata decatarme que, traballando, podía, ademais de aportar un diñeiro para casa, que falla facía, saír ós domingos con cinco pesos no peto.

Entramos a traballar un grupo de rapazas entre as mulleres. Daquela despuntaban as conserveiras na Ría e cada pobo mariñeiro tiña varias fábricas.

Iso supuxo que a economía nas comarcas fose en bonanza, ademais fixo que as mulleres non dependeran economicamente dos homes.

Aínda que a nosa aportación considerábase unha axuda

Alá polo ano 85 despedíronnos a vintetrés compañeiras e logo despois comprobamos que fomos as que estivemos de baixa por ter fillos ou algunha doenza repetida

para a casa, non un salario xusto e digno.

Cobrava ó mes 13.000 pesetas. Traballando de luns a sábado ata as tres da tarde no mellor dos casos, e as rapazas novas facíamos as cousas que

as veteranas non querían facer, porque estaban prohibidas.

A conserva foi e segue sendo un mercado maioritariamente de mulleres (man de obra barata) e excepcionalmente hai homes. E aínda que estes homes sexan recén chegados a eles recoñécenlles a súa categoría profesional e cobran en negro unha parte a maiores do soldo, ou sexa: polo mesmo choio cobran o dobre que nós. O máis escandaloso da historia é que isto segue pasando hoxe, no século XXI onde na teoría vivimos nun mundo igualitario, e na teoría está penalizada a discriminación.



POUCO a POUCO, Todas xuntas Solidariedade coas traballadoras de ODOSA

Asamblea de mulleres da Quousa



Tamén lembrar que sendo maioritariamente mulleres que nos conformamos as conserveiras, están gobernadas por homes, non hai máis que ver quen esta firmando o convenio en Madrid, quen di o que nos convén ou non no noso nome, din representarnos pero o lombo rompémolo nós nas fábricas.

A min persoalmente dame noxo, pero xa sei que para que esto mude hai que implicarse máis, e logo non deixarse mercar como xa pasou e segue a pasar, pois isto é política e todos/as sabemos de que falamos.

Alá polo ano 85 despedíronnos a 23 compañeiras e logo despois comprobamos que fomos as que estivemos de baixa por ter fillos ou algunha doenza repetida.

Encomecei a despertar o mundo sindical, pois ata esa estabamos todas sindicadas, pero non tiñamos nin idea no que consistía.

Das 23 nomeamos unha representación de tres ou catro portavoces. Andívem de xuntanza en xuntanza, de noite quedabamos para preparar a estratexia do outro día. Militei por primeira vez nun partido, así fun collendo conciencia política, sobre todo conciencia, algo que o meu compañeiro non soubo entender. Pouco tempo despois separámonos, eu quedei con tres fillos.

Entramos a traballar as 23, polo tanto tirei para diante ca miña vida.

Dende esas son delegada, membro do comité de empresa. As compañeiras

seguen eleixndome, saben que sigo defendendo os mesmos principios e valores.

Teño que recoñecer que despois de tantos anos na loita estou cansa e queimada, pois o mercado laboral mudou, as traballadoras non teñen emprego estable, polo tanto debense a patrónal e sindicatos. Así que o compañeirismo que houbo naqueles tempos, onde estabamos todas a unha, xa case non existe.

... para que esto mude hai que implicarse máis, e logo non deixarse mercar como xa pasou e segue a pasar, pois isto é política, e todos e todas sabemos de que falamos...

A maquinaria capitalista levounos ó seu terreo e voltounos individualistas, egoistas e unha serie de istas que nada nos convén, pero teremos que decatarnos nos mesmas disto. Ter conciencia: un ben moi valioso pero moi escaso nos tempos que corren.

Nós tardamos en falarlles ós homes, ata que comezaron a respectarnos

Lembro o encargado chamándonos chachas, ou, despois da xornada de oito horas, cando pediamos saír para ir á festa, dicíanos: "As señoritas do pueblo queren festa. É para o que valen, para traballar non".

Fomos insultadas e vilipendiadas; os compañeiros que sempre sentíronse superiores, pasábanse con nós, chegando a meternos man e acosarnos.

Nunha ocasión a miña compañeira denunciou a un dos homes fronte ó director, pois estaba sendo acosada. A primeira reacción das compañeiras sorprendeunos, porque estaban defendendo ó tío; despois de explicarlles a situación comprendérono. Nos tardamos en falarlles ós homes, ata que comezaron a respectarnos.

Podería contar moitísimas anécdotas, pero non pretendo aburrirvos senón que vos sintades máis implicados e coñezades como funcionamos as mulleres neste "mundo".

Quero dende aquí expresar o meu sincero recoñecemento ó seu traballo e un respecto absoluto.